



"Antes dicían que o galego non valía para o rock, pero agora din que non vale para as matemáticas. Son tempos escuros"

[Marcos Pérez Pena](#) 5 de decembro de 2025

<https://praza.gal/cultura/antes-dician-que-o-galego-non-valia-para-o-rock-pero-agora-din-que-non-vale-para-as-matematicas-son-tempos-escuros>

O bravú xa ten a súa novela, un libro con moita música pero que vai máis aló. Un conxunto de historias dun fato de rapaces que dende as marxes -no barrio, na aldea- fixeron o que lles petou, o contrario do que lles dicían que había que facer, que escolleu facer rock e facelo en galego, con toda a vehemencia e a naturalidade da música popular

O bravú xa ten a súa novela, un libro con moita música pero que vai máis aló. Un conxunto de historias dun fato de rapaces que dende as marxes -no barrio, na aldea- fixeron o que lles petou, o contrario do que lles dicían que había que facer, que escolleu facer rock e facelo en galego, con toda a vehemencia e a naturalidade da música popular. Xurxo Souto escribe *A novela do Bravú* (Xerais), unha historia colectiva, contada de maneira autobiográfica, sobre unha xeración que se rebelou nun tempo e nun país pero que contén ensinanzas para as xeracións seguintes.

O pasado ano o Bravú [celebrou o trixésimo aniversario do inicio do movemento](#) -o 31 de outubro de 1994 na aldea de Viana, en Chantada-. Houbo concertos, faladoiros e [mesmo un documental](#) pero faltaba un libro que contase dende dentro un proceso que deixou unha pegada innegable nesa xeración e con derivacións que chegan ata hoxe e se proxectan no futuro. E quen mellor para escribilo que Xurxo Souto, que xa nos deixara en *A tralla e a arroutada* (1995) ou *Fumareu* (1997) exemplos de *literatura bravú*.

A novela do Bravú preséntase este venres na Coruña (Portas Ártabras), nun acto no que Xurxo Souto estará acompañado de Marisol Manfurada, protagonista da portada do libro. Falamos con el sobre a xénese da novela, o contexto no que naceu e se desenvolveu o movemento e o impacto que continúa a ter no presente.

Como nace este libro? Sei que responde a unha proposta recente de Fran Alonso, pero non sei se a idea da novela estaba xa alí, nalgún caixón, dende hai tempo?

Non, a verdade é que todo moi recente. A conmemoración do 30 aniversario do Bravú foi unha verdadeira celebración. Fíxose un documental, houbo moitas presentacións, atopámonos con

moitos amigos, fíxose un manifesto de futuro e tocamos moitas veces coa Banda Xangai. Así que eu estaba completamente realizado. Pero nese momento díme Fran Alonso: “Xurxo, hai que facer un libro sobre o Bravú”. E o certo é que a min non che me apetecía nada, porque os libros ao uso sobre música son un pouco como un catálogo de IKEA: había estes grupos, neste ano sacaron este disco, entrou este, marchou este outro... Pero Fran insistiu e atopei o camiño, que foi contalo dunha forma autobiográfica, que era ademais a mellor forma de contar esta aventura colectiva.

Ao final, tiveron que escribir o libro moi rápido, nun par de meses, e por iso saíu unha escrita un pouco atrapallada, moi ás prásas. Pero asumín que tiña que ser así e, como me dixeron, este estilo atrapallado hai que consideralo así, como unha forma de estilo. É un libro lixeiro, que se le rápido, non pretende facer grandes reflexións metafísicas, senón contar unha aventura colectiva, linda e con ritmo.

O libro é autobiográfico, pero non sei canto hai de literatura e canto de memoria, canto hai de ficción e canto de realidade?

A maioría do que se aparece son historias autobiográficas que nalgúns casos, a forza de contalas unha e outra vez, collen unha dimensión literaria. O que se narra é, sobre todo, esa éxtase, esa fascinación por un proceso no que un grupo de rapaces deciden montar un grupo musical. E iso convértese na porta cara a unha espiral marabillosa na coñecemos outros grupos, viaxamos, demos unha visión alternativa da nosa propia realidade e, finalmente deixamos -dito con toda a humildade, pero tamén con toda a vehemencia- unha certa impronta no discurso da nosa sociedade que segue latexando trinta anos despois.

A historia é colectiva, polo libro aparece moita xente. Supoño que era inevitable á hora de falar dun movemento no que comezaron a xurdir bandas aquí e alá, para ao final xuntarse, para facer algo en común, non si?

Si, a historia tiña que ser colectiva. Había un contexto social e estético no que un fado de grupos se rebelaban contra o estigma de que o galego non valía para o rock and roll, que era algo que nos recordaban constantemente e que na actualidade parece unha idea absurda, xa que hai unha chea de artistas facendo música en todos os estilos e en galego, que aparece como unha lingua *cool*. E neste proceso houbo un punto marabillosa, que foi a decisión de facer cousas en común: non camiñar en paralelo, senón facelo xuntos.

E, ademais, cun discurso que estaba moi lonxe deste outro no que prima o 'éxito' por riba de todo. Como digo sempre, a máxima expresión do capitalismo na música é esa procura do 'éxito' por riba de todo. Por iso me parece tan obsceno un programa como 'Operación Triunfo', que reduce a música a buscar ese éxito. O bravú era outra cousa completamente distinta, era xuntarnos nunha aldea de Chantada coa intuición de que había que facer algo xuntos. Foi algo completamente subversivo.

Dis que fostes unha "anomalía", que ninguén contaba con que algo como o Bravú puidese existir, xuntando aldea e cidade, lingua galega e rock... Ingredientes que en teoría non podían ir xuntos, pero que funcionaron con toda normalidade...

Si, completamente. Facíamos xustamente o contrario do que nos mandaban facer. Saímos da Coruña, dun barrio obreiro naquel momento, agora case un barrio de elite, e tiñamos moi presente a aldea, porque de alí viñeran os nosos pais ou os nosos avós. Cantabamos en galego cando nos dicían que non se podía facer rock en galego, que só servía para a música folk. Menos

mal que xa *Os Resentidos* puxeran iso en cuestión. O que supostamente tiñamos que facer era 'pop de provincias', que era unha copia do que se facía en Madrid, que á súa vez era unha copia do que se facía en Londres.

Eu viña da parroquia de Santo Tomás. Alí tocabamos na misa e empecei facendo música folk - Belida- cunha amiga do instituto. Pero por un lado viamos que realmente non dabamos o nivel musical para facer música folk e, ademais, había xa un punto de saturación no folk, e era unha música demasiado esteticista. E nós viviamos no barrio, viamos o océano, tiñamos necesidade de contar cousas. E, de súpeto, vemos aos Pogues ou a Mano Negra e todo estoupa. Foi unha anomalía que saíu ben, e ademais despois descubrimos que estabamos en sintonía con outra xente noutros lugares, cada un facendo o que querían, cada un polo seu rego, pero todos coa mesma idea, dunha forma vehemente. Ninguén esperaba nada dun barrio e tampouco das aldeas.

O Bravú nace nas marxes, na periferia e a clave foi deixar de imitar o que se facía no *centro*, fose o centro da Coruña que era o lugar ao que debían mirar os barrios da cidade, ou Madrid como centro cultural de referencia para o conxunto de Galicia. Cres que na actualidade superouse xa esa 'vergoña' que parecía existir para quen estaba nas marxes? Esa necesidade de imitación?

Aí hai varios temas. Por un lado esa superación do provincianismo, e tamén a superación desa 'vergoña'. Ai unha frase de Miguel Anxo Murado en *Outra idea de Galicia* que para min é a clave: “Na antítese da morriña está o bravú”. Fronte a esa forma de ser que se nos supón aos galegos, nós respondíamos con algo completamente distinto, contrapoñéndonos así á *Metafísica da Saudade* de Piñeiro. Impuxémonos tamén contra ese discurso que no caso da Coruña lideraba Paco Vázquez, que para min é un político fracasado. E contra o discurso que tamén ocultaba e segue a ocultar a *aldea*.

Pero afortunadamente hai tamén un sentimento de orgullo, da forza da diversidade que reivindica a aldea. Fronte ao sentimento de inferioridade dos galegos, o autoorgullo. Nese sentido si que son moi optimista. Nese momento, non se podía facer rock en galego e nós dicíamos -con ironía- que cantabamos na nosa lingua por motivos comerciais. Nese momento parecía non ter sentido, pero era un manifesto de futuro, como despois de viu. Na música estamos moito mellor, pero no ámbito puramente lingüístico estamos moito peor: antes dicían que non se podía facer rock en galego, que non valía agora si; pero agora non se poden ensinar as Matemáticas en galego, que nomn vale para as matemáticas, por imposición da Xunta. Estamos nun contexto completamente galeguicida. Son tempos, nese sentido, moi escuros.

Quería preguntarche, precisamente, por esa crítica á *morriña*, que chama a atención, xa que parece que esa morriña forma parte da forma de ser dos galegos. A clave non é tanto a morriña en si, senón evitar que ese carácter morriñento nos domine, que nos impida mirar cara adiante? A nostalxia é reaccionaria?

Coma sempre, as palabras significan moitas cousas. Nese concepto de morriña, de nostalxia, entra a admiración pola terra na que vivimos, un lugar do mundo absolutamente fascinante na que convivimos con magnitudes que nos superan: vivo ao pé da Torre de Hércules, todos os días vexo o océano e vexo o sol poñerse no Orzán, como dicía Arsenio Iglesias, “por iso somos soñadores”. E ese sentimento é a base dun estilo literario como o realismo máxico. Poden suceder cousas extraordinarias porque vivimos nun contexto extraordinario.

Pero a morriña tamén é esa visión limitada das cousas, sen capacidade de tomar ningún tipo de iniciativa, sen capacidade de tomar decisións. A Galicia do Partido Popular é así, pero hai unha gran parte de Galicia que non o é. E así o demostramos, por exemplo, nas protestas de Nunca Máis. Por iso insisto tanto na forza do bravú, na vehemencia e no orgullo fronte aos neomorriños e aos neoprovincianos.

Vouche preguntar agora polo papel que as mulleres tiveron no Bravú, pero antes quería saber máis da foto que escolliches para a portada, con Marisol Manfurada. Cando se tomou e por que a elixiches?

Quixen poñer na portada a foto de Marisol Manfurada para contar que o bravú é moito máis que ese arquetipo dun grupo de rapaces, todo rapaces, reivindicando o poder da aldea. Porque o bravú tamén estaba no centro das cidades, coma neste caso, fronte ás galerías da Mariña da Coruña e a poucos metros de onde viven Paco Vázquez e Amancio Ortega. Nesa foto, Marisol estaba protestando contra a expulsión dos pesqueiros da Dársena, en 1999. Un provincianismo absoluto: expulsaron os barcos pesqueiros para meter iates, eliminando ademais unha das fotos turísticas por excelencia da Coruña.

Dixeches en varias ocasións que o único que cambiarías do Bravú era o machistas que erades naquel tempo. É certo que o movemento parecía ser case exclusivamente masculino e que as mulleres eran unicamente "as mozas de", con algunha excepción...

Si, absolutamente. Hai trinta anos dicíamos que non eramos machistas, pero eramos moi machistas. Seguímolo sendo, seguramente, isto é un proceso de transformación, pero hai trinta anos eramos machistas e non facíamos nada por cambialo. Os grupos eran todo rapaces e a función das rapazas era ser 'a moza de'.

Excepto, por un lado, Mercedes Peón, que colleu toda a vehemencia da música tradicional e fixo un punto de inflexión. E, ademais, non lle chegaba con reproducir o que había, senón que quería utilizar esa técnica das súas mestras para crear a súa expresión propia no século XXI. Mercedes Peón representa un punto de inflexión na música galega sen o que non se podería entender todo o que está a pasar agora con todos estes artistas novos marabillosos, como Mondra, Tanxugueiras ou De Ninghures.

Aí estaba tamén a propia Marisol Manfurada, coa súa poesía. E, en Barcelona, As Garotas da Ribeira, Sofía e Paola. *"Eu son / dunha terra de mulleres / que cargan coas bestas / e sementan / berberechos na ribeira / e patacas na leira / levan nos ollos / un sol que non queima"*. Estes versos, de Paola, deberían estar en todas as antoloxías da poesía galega contemporánea. Pero como son poesía popular e como a canción se considera unha arte menor, pois non están. Por iso quedei tan contento de incluír como un epílogo a primeira antoloxía da poesía bravú: Fran Alonso, Manuel Rivas, Sofía Tarela, Marisol Manfurada e Raúl Gómez Pato.

En relación con isto, pódese falar dunha literatura bravú? Sempre se falou das derivacións do movemento fóra da música, no cine con O Matachín, na literatura con Jaureguizar, Fran Alonso ou Manuel Rivas. Que define a literatura bravú? O estilo, a intención, os temas? É complicado?

Non, non é nada complicado definir a literatura bravú, o que pasa é a visión pequena do mundo académico. O mundo académico móvese por unha serie de tópicos e temas moi repetitivos e todo o que teña que ver co popular, neste caso coa poesía popular, é algo ao que non se lle dá moita importancia.

Aí houbo un cambio de rumbo, e foi marabilloso, cando a RAG o ano pasado decidiu dedicar as Letras Galegas ás pandeireteiras, a esas mulleres invisibles, e á poesía popular. Hai 40 anos escoitabamos música folk, escoitabamos gaiteros, pero non mirabamos para esas mulleres que cantaban nas casas e que son a semente da música máis cool que se está a facer neste momento.

Iso é o bravú: o que non existe, o que non se ve, o que está nas marxes estoupa coa forza da vida, porque conta historias distintas. E aí temos que recorrer sempre á nosa mestra, a Luísa Villalta, cando nos dicía que música e literatura son o mesmo, e que ademais non hai alta nin baixa cultura, só hai emoción. Por iso digo que nesas marxes se produciu alta literatura, e que queda ademais como pegada dun tempo